



COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2022

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 21 de outubro de 2022.
2. Aprobar a listaxe provisoria de asignación de titoras/es para a realización do Traballo de fin de grao en Dereito do curso académico 2022/2023.
3. Ratificar o acordo do tribunal designado para a proposta de concesión do Premio Extraordinario do Grao en Dereito correspondente ao alumnado que finalizou os seus estudos no curso académico 2021/2022.
4. Delegar na Sra. Decana a competencia para designar á persoa representante da Facultade na comisión avaliadora dos Premios de investigación, transferencia e divulgación científica do Campus Auga no caso de que haxa algún profesor/a voluntario que se adique a temas relacionados coa agua ou, no seu defecto, a representante sería a Prof. Dra. Susana Álvarez González.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 23 de novembro de 2022, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 24 de novembro de 2022.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato.
sdefdo@uvigo.es